



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLAS QUE SE REGULA A IMPLEMENTACIÓN DO PORTFOLIO EUROPEO DAS LINGUAS NOS CENTROS EDUCATIVOS NO CURSO 2016-2017.

O *Portfolio Europeo das Linguas* (PEL) é unha iniciativa da política común do Consello de Europa, estreitamente relacionado co *Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, creado para incrementar a conciencia e o interese pola aprendizaxe de idiomas, desenvolver a autonomía do aprendiz e mellorar a tolerancia. É un documento persoal no que se rexistran, xa sexa dentro ou fóra da escola, as experiencias de aprendizaxe e se reflexiona sobre elas; en definitiva unha ferramenta didáctica, de fomento do plurilingüismo, cunhas funcións primordiais: pedagóxicas (axuda a potenciar e mellorar os procesos de aprendizaxe de linguas) e informativas (constitúe unha ferramenta de información).

Sería desexable que o desenvolvemento da implementación do PEL se levase a cabo a través dun **proxecto lingüístico de centro** no que participase o maior número posible de profesorado (tanto de linguas, estranxeiras como as propias, como doutras materias) de modo que o PEL se converta nunha ferramenta fundamental de reflexión para a planificación didáctica, a avaliación das competencias lingüísticas alcanzadas, o desenvolvemento da autonomía na aprendizaxe e no fomento da interculturalidade acorde coa realidade plurilingüe actual.

En consecuencia, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións que establecen os requisitos de participación para a implementación do Portfolio Europeo das Linguas de centros educativos con educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e ensinanza de idiomas de réxime especial na rede de centros en Galicia no curso 20162017.

1. SOLICITUDE E IMPLANTACIÓN

1.1 Para a implementación do Proxecto Portfolio Europeo das Linguas nos centros educativos deberá constituírse un grupo de profesores á fronte do que haberá un coordinador nomeado polos membros do equipo.



Valorarase positivamente a implicación do profesorado tanto de materias lingüísticas como das non lingüísticas.

1.2 Os centros interesados en implementar o Portfolio de Linguas deberán solicitar a súa participación no Plan de Implementación do Portfolio Europeo das Linguas na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e O.U., **antes do 7 de outubro**, remitindo os anexos I e II adxuntos:

- Anexo I: sobre os datos do centro, profesorado e alumnado participante.
- Anexo II documento de autorización para a publicación no portal web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos materiais que sexan remitidos polos centros.

1.3 Nos centros en que se implemente o Proxecto Portfolio, garantiráselle ao alumnado a continuidade da experiencia polo menos durante o ciclo ou a etapa que comecen.

1.4 A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e O.U notificaralles aos centros seleccionados a súa participación no proxecto.

1.4.1 Aos centros que implementen o Portfolio con alumnado de infantil, primaria e no primeiro e segundo curso de secundaria entregaráselles os documentos Portfolio en formato papel.

1.4.2 Os centros que desexen implementar o PEL con alumnado de 3º ESO e cursos superiores, en ensinanzas de escolas oficiais de idiomas ou EPAs deberán facer uso do E-Pel ou Portfolio electrónico a través da ligazón da web do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) <http://www.sepie.es/iniciativas/portfolio/electronico.html#contenido>, xa que neste caso non se remitirán documentos PEL en formato papel.

1.4.3 O alumnado que xa implementara o Portfolio no curso anterior, fará uso do mesmo documento Portfolio, salvo que por idade cambie de documento portfolio (**Infantil** (de 0 a 8 anos), **Primaria** (de 8 a 12 anos), **Secundaria** (de 12 a 18 anos), **Adultos** (de 16 anos en diante) recomendado en Escolas de Idiomas e EPA.



2. CENTROS E PROFESORADO

2.1 Cada profesor deberá deseñar unha actividade por trimestre non recollida nas guías do profesorado, correspondente ao nivel impartido, segundo os modelos facilitados en <http://www.edu.xunta.es/web/portfolio>, acompañados doutros documentos e formatos que as apoién.

2.2 Estas actividades serán remitidas á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nas seguintes datas:

- 1º trimestre: na semana **do 09 ao 13 de xaneiro de 2017**.
- 2º trimestre: na semana **do 03 ao 07 de abril de 2017**.
- 3º trimestre: na semana **do 05 ao 09 de xuño de 2017**.

2.3 Cada centro deberá realizar unha memoria da implementación do Portfolio de Linguas ao rematar o curso escolar. O profesorado participante comprometerase á recompilación de información acerca do desenvolvemento da implementación do PEL (resposta do claustro, alumnado e nais/pais, actividades, etc.) que deberán reflectir na memoria final de curso. O modelo a cubrir será enviado por correo electrónico á persoa coordinadora do Portfolio no centro. O prazo de entrega da mesma abranguerá dende o5 ao 09 de xuño de 2017

2.4 Segundo o establecido na Resolución de 23 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o recoñecemento, a certificación o rexistro da participación do profesorado en proxectos europeos como actividades de formación permanente do profesorado (DOG de 31 de agosto) o/a profesor/a participante na implementación do Portfolio recibirá 25 horas de certificación de formación permanente.

3. FINALIZACIÓN DA EXPERIENCIA

3.1 Non se poderá interromper a implementación do Portfolio durante o curso, agás situación motivada.


3.2 Poderase interromper a posta en marcha da implementación nun centro cando a dirección presente a súa renuncia motivada ao final de curso escolar.



3.3 Igualmente a Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa poderá dar por finalizada a experiencia cando se detecten anomalías que aconsellen a súa suspensión ou calquera outra circunstancia que ocasione o incumprimento de algunha das condicións de participación.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2016

O DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Manuel Corredoira López



Anexo I

PROXECTO PORTFOLIO EUROPEO DAS LINGUAS
 (Solicitud de participación e petición de documentos)

Curso 2016/2017

DATOS DO CENTRO

Nome do centro:		
Enderezo:		
C.P.:	Localidade:	Provincia:
Teléfono:		Fax:
Correo electrónico:		

DATOS DE PARTICIPACIÓN

- O centro participou na implementación do PEL ao longo do curso 2015/2016.

SI

NON

PREVISIÓNS NO PROXECTO

- LISTAXE DE PROFESORADO PARTICIPANTE NO CURSO 2016/17**

Nome e apelidos coordinador/a	Correo electrónico	Materia que imparte	Curso	Nº de alumnos	PEL a utilizar*
Nome e apelidos Profesorado áreas lingüísticas	Correo electrónico	Materia que imparte	Curso	Nº de alumnos	PEL a utilizar*



Nome e apelidos Profesorado áreas non lingüísticas	Correo electrónico	Materia que imparte	Curso	Nº de alumnos	PEL a utilizar*

*Especificar que Portfolio se vai traballar en cada nivel: *Infantil* (de 0 a 8 anos), *Primaria* (de 8 a 12 anos), *Secundaria* (de 12 a 18 anos), *Adultos* (de 16 anos en adiante, recomendado en Escolas de Idiomas, EPA).

- O centro desexa continuar coa implementación do PEL durante o curso 2016/17.
SI NON
- O PEL estará recollido dentro do proxecto de centro.
SI NON
- Contará co apoio do Consello Escolar e da Dirección do Centro.
SI NON
- O centro participou o curso pasado no proxecto, pero non recibiu (todos) os materiais de traballo.
SI NON

OBSERVACIÓNS:

- **Necesidades de carpetas PEL. Só para o novo alumnado e por cambio de tipoloxía de portfolio: Infantil (ata 8 anos), Primaria (de 8 a 12 anos), Secundaria (para alumnado de 1º e 2º curso de secundaria)**
- **especificar o nivel e o número de carpetas que se precisan:**
Para traballar no curso, solicítanse novos documentos de infantil.
Para traballar no curso, solicítanse novos documentos de primaria.



Para traballar no 1º e 2º curso de ESO, solicítanse novos documentos de
secundaria.

D./Dna., como director/a do centro, confirma a
veracidade dos datos sobre participación, achegados.

..... de de 2016

O/A director/a (selo do centro)

Asdo.:

SR. DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA.
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.
Edificio Administrativo San Caetano s/n 15781. Santiago de Compostela (A Coruña)



Anexo II

AUTORIZACIÓN PUBLICACIÓN DE MATERIAIS

Eu, como persoa coordinadora do proxecto PEL no centro, Localidade:, Provincia: durante o curso 2016/2017, despois de acordalo co resto de profesorado colaborador, dou o meu permiso para a publicación das actividades PEL que presentemos na unidade de Programas Europeos.

Asdo.: